



YAM EN CENTROS DE CONTROL

¿QUE É O YAM?

YAM (*Youth Aware of Mental Health*) significa Xuventude Consciente da Saúde Mental e é un programa escolar dirixido á mocidade entre 13 e 17 anos no que aprende e debate sobre saúde mental.

YAM foi avaliado nun ensaio clínico controlado aleatorizado en varios países da Unión Europea (incluída España) no que participaron máis de 11.000 mozos/as. Nesa investigación avalíronse tres programas distintos de promoción da saúde mental e prevención de suicidio nas escolas. Os resultados amosaron que a intervención YAM era eficaz para reducir os novos casos de intentos de suicidio e a ideación suicida grave aproximadamente nun 50%, reducindo os novos casos de depresión aproximadamente nun 30%. Observouse tamén que YAM aumenta o apoio entre iguais e fai crecer a solidaridade no grupo.

ENSAIO CLÍNICO YAM

Durante o curso 2023-24 o YAM será obxecto de análise a fin de determinar se en Galicia se acadan resultados comparables en redución da ideación suicida, depresión e busca de axuda aos do estudio orixinal. Para iso realizarase un Ensaio Clínico Aleatorizado (aprobado polo Comité de Ética de la Investigación de Pontevedra- Vigo- Ourense: 2023-227).

Os centros escolares onde se desenvolve YAM escolléronse ao azar e teñen un grupo de control de escolas análogas (rural/urbano, públicas/concertadas) representativo do total da poboación escolar galega de 3º da ESO.

A colaboración do alumnado de centros de control que participe este curso académico no YAM consistirá en facer uns test online de forma individual, que se realizarán na aula, por medio dun sistema web e serán anónimos. Os test terán lugar en dúas ocasións, antes de comenzar a intervención co YAM e un ano despois. Nas dúas ocasións serán entrevistadas as mesmas persoas para valorar cal foi a evolución.

Como agradecemento pola súa colaboración previa, o alumnado que participe este ano como control poderá recibir, se así o deseja, o adestramento con YAM o curso próximo (2024-25), cando estea en 4º ESO.



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos



XUNTA
DE GALICIA

O obxectivo do estudio é confirmar ou non, se o YAM funciona no noso medio e en caso de detectarse fallos poder corrixilos.

Para a participación é precisa autorización escrita dos/as proxenitores/ titores ou gardadores legais. En caso de que non desexen participar no YAM o alumnado permanecerá noutra aula co profesorado en cuxa hora se realizan os test ou se imparte o YAM ou co persoal de orientación realizando outras tarefas.

AVALIACIÓN DE DATOS PARA FONDO SOCIAL EUROPEO

O YAM está financiado ao 95% con Fondo Social Europeo (FSE). Para o control deses fondos tódalas persoas participantes deberán avaliar a acción desenvolta. O FSE dispón de sistemas online de avaliación que se porán a disposición dos/as participantes, neste caso, por medio de PARTICIPA.

